



## BASES “AULA VERÁN 2023”

### CONCELLO O SAVIÑAO

#### 1. Obxectivos

A “AULA VERÁN 2023” é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de O Saviñao durante as vacacións escolares, cos seguintes obxectivos:

- Proporcionar ás familias a posibilidade de compatibilizar os deberes familiares e laborais, a través dun servizo de custodio e actividades lúdico-educativas que realizan os menores en horario do seu tempo laboral.
- Proporcionar aos menores un programa de actividades axeitado ás súas necesidades e intereses para vivenciar de forma lúdico-educativa o aproveitamento do tempo de lecer durante o período estival.
- Desenvolver as habilidades sociais dos nenos e nenas para relacionarse correctamente.
- Fomentar a autoestima dos participantes.
- Fomentar a convivencia entre os nenos/as, recoñecendo, valorando e cumprindo as normas sociais relacionadas co respecto a un mesmo e os outros, fomentando a comunicación e a iniciativa e que estean capacitados para a toma de decisións.
- Promover a igualdade de xénero nas actividades que se realicen concienciando aos menores na igualdade entre sexos. Educar en igualdade.
- Promover o respecto polo entorno, o medio ambiente e polo pobo onde viven.
- Fomentar o interese polas actividades ó aire libre, o exercicio físico, a vida saudable e o traballo en equipo.
- Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos pais, nais e/ou titores legais.

#### 2. Beneficiarios, horario e quendas de actividades

As actividades, abertas a menores de entre 3 anos (nados en 2019) e 12 anos, desenvolveranse entre o 1 de xullo e o 31 de agosto nas instalacións municipais habilitadas:

- Pavillón municipal
- Ludoteca municipal





- Centro sociocultural de Currelos

- Arredores da ludoteca, parques infantís, campo de fútbol, auditorio, devesa de Escairón e devesa de Currelos.

Haberá un total de dúas quendas:

\* Primeira quenda: do 1 ao 30 de xullo.

\* Segunda quenda: do 1 ao 31 de agosto.

A “Aula de Verán” abrirá de luns a venres polas mañás, entre as 9:00 e as 14:00 horas, agás festivos e festas patronais de Escairón que non se realizará o programa “Aula de verán 2023”.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polos monitores/as responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento do servizo e durante o tempo que os menores permanezan realizando as actividades da aula de verán.

### 3. Requisitos dos beneficiarios

- Idades: de 3 anos (nacidos en 2019) a 12 anos.
- Que, polo menos, un dos proxenitores e/ou o menor estean empadroados/as no Concello de O Saviñao (mínimo 1 mes).

No caso de non cumprirse este derradeiro requisito, unicamente poderán entrar se rematado o prazo quedasen prazas vacantes e non cubertas con empadroados.

### 4. Número de prazas

O número total de prazas que se oferta no programa “Aula de Verán 2023” do concello de O Saviñao no ano 2023 é de 150 prazas, distribuídas do seguinte xeito:

- 4 grupos en Escairón (ludoteca e pavillón)

- 1 grupo en Currelos (centro sociocultural)

A organización das actividades por grupos de idade e a súa localización dependerá do número de nenos e nenas inscritos/as. Unha vez establecidos os grupos de idades só se cambiarán por razóns educativas.

Os solicitantes deberán indicar na súa solicitude a preferencia:

- Grupo Escairón
- Grupo Currelos





As prazas asignaranse por orde de puntuación cos criterios indicados no punto seguinte. Unha vez cuberto o grupo para o que se fai a solicitude, asignaráselle praza noutro grupo se houbera dispoñibilidade.

No caso de presentación de máis solicitudes que prazas dispoñibles, procederase a facer unha LISTA DE AGARDA, para o suposto de posibles baixas, no seu caso.

## 5. Criterios de admisión e prioridade:

1. A situación socioeconómica de cada familia (última declaración IRPF presentada).
  - Renda anual per cápita igual ou inferior á metade do IPREM (2 puntos)
  - Renda anual per cápita superior á metade do IPREM e inferior ao IPREM (1,5 puntos)
  - Renda anual per cápita superior ao IPREM e inferior ou igual a 1,5 veces o IPREM (1 punto)
  - Renda anual per cápita superior a 1,5 veces ao IPREM e inferior ou igual a 2 veces o IPREM (0,5 puntos)
2. Que os dous proxenitores se atopen en situación laboral de activo (2 puntos).
3. Que un dos proxenitores se atope en situación laboral de activo (1 punto).
4. Que se trate de familia monoparental (1 punto).
5. Que se trate de familia numerosa (1 punto).
  - Considérase que esta existe dende a data de expedición do título.
  - O título deberá estar vixente no momento da solicitude.
6. Pai, nai ou titor traballen dentro do municipio de O Saviñao (1 punto).
7. Que o nena/a estea escolarizado/a nalgún dos colexios de O Saviñao (1 punto).
8. Que os proxenitores teñan persoas discapacitadas ou dependentes a cargo (1 punto).
9. No caso de que queden prazas vacantes despois de aplicar estes criterios, asignaranse por orde de inscrición.
10. Aquelas solicitudes que teñan entrada despois da finalización do prazo máximo, unicamente se admitirán en caso de quedar prazas vacantes.

## 6. Presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación requirida, presentaranse - dentro do prazo sinalado nas presentes bases - no rexistro xeral de forma presencial ou a través da sede electrónica do concello:

<https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

## 7. Documentación a entregar





1. Solicitude cumprimentada e asinada por ambos proxenitores.
2. Copia do DNI do/a solicitante, e dos proxenitores/titores.
3. Copia da tarxeta sanitaria do neno/a.
4. Fotografía do neno/a.
5. Última Declaración IRPF presentada, ou certificado de non ter obriga de presentala (negativo de Facenda) dos pais ou titores.
6. Vida laboral ou declaración responsable de estar activos ambos proxenitores ou un deles. (Deberán presentar xustificación da situación laboral actual: encabezamento da nómina do mes ou certificado da empresa. No caso de autónomos/as: recibo do último mes de pagamento da cota da Seguridade Social na que figure como autónomo/a).
7. No caso de familias monoparentais: acreditación correspondente.
8. No caso de familias numerosas: acreditación correspondente.

## 8. Período de inscrición

**Prazo xeral:** do 7 de xuño ao 20 de xuño de 2023.

Publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos na sede electrónica (prazo xeral): 22 de xuño de 2023.

Prazo subsanación de erros: ata o 26 de xuño de 2023.

Publicación das lista definitivas: 28 de xuño de 2023.

**Prazo extraordinario** (para o suposto de prazas vacantes no mes de agosto): do 20 ao 25 de xullo de 2023.

Publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos na sede electrónica (prazo extraordinario): 26 de xullo de 2023.

Prazo subsanación de erros (prazo extraordinario): ata o 28 de xullo de 2023.

Publicación das lista definitivas (prazo extraordinario): 31 de xullo de 2023.

## 9. Prezos

As cotas serán aplicadas, de acordo co previsto no Texto regulador dos prezos públicos da AULA DE VERAN 2023, publicados no BOP de Lugo, e que está a disposición dos interesados na sede electrónica do concello do Saviñao.

Contía a pagar polas actividades de verán:

- 20 euros/mes cada neno/a





- 16 euros/mes cada segundo/a irmá/n e seguintes

## 10. Prazo de pago

Unha vez admitidos os/as nenos/as na quenda solicitada, deberase proceder ao abono do prezo correspondente -no prazo dos 7 días seguintes á data da admisión- na entidade Banco Santander, no número de conta que se lle facilite xunto coa folla de inscrición.

A inscrición non da dereito a participar na AULA DE VERÁN 2023 sen o ingreso do prezo correspondente.

No caso de non proceder ao correspondente abono no prazo sinalado, procederase a dar de baixa ao menor na praza asignada, que quedará vacante para ser cuberta polo seguinte neno/a que se atope na lista de agarda.

## 11. Dereito de admisión.

O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos/as nenos/as que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou titores/as non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento dos dereitos do menor. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou titores dos/as menores.

## 12. Normas disciplinarias

- Os horarios establecidos nos servizos ofertados son de obrigado cumprimento para os participantes, durante todo o periodo de actividades da AULA DE VERAN 2023.

- Non se permiten cambios de periodo.

- O/a solicitante comprométese baixo a súa responsabilidade á asistencia regular do/da neno/a todos os días ás actividades.

- Será motivo de sanción, restrinxindo ou, no seu caso, suspendendo a participación do/da menor na AULA DE VERAN 2023, calquera comportamento ou actuación que perturbe o correcto funcionamento das actividades programadas.

## 13. Protección de datos

A organización da AULA DE VERAN 2023 require o tratamento dos datos persoais facilitados polas persoas interesadas, que se realizará conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantías dos Dereitos Dixitais.





A base xurídica lexitimadora do tratamento dos mesmos é o consentimento expreso dos representantes legais dos menores e o tratamento será o imprescindible para a xestión da AULA DE VERAN 2023.

O Responsable do tratamento dos devanditos datos é o concello de O Saviñao. A Delegada de Protección de datos do concello de O Saviñao é Dna. LETICIA RODRIGUEZ DIAZ, que pode ser contactada no correo: [leticia.rodriguez@deputacionlugo.org](mailto:leticia.rodriguez@deputacionlugo.org)

Dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos seus datos e limitación do tratamento dos mesmos e dereito de oposición no tratamento de datos.

#### 14. Consentimento expreso

A presentación da solicitude de participación supón a total aceptación destas bases, consentindo expresamente ao persoal do concello autorizado á comprobación do empadramento do solicitante e de cantos datos sexa necesario recabar ao obxecto de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos. Do mesmo xeito, coa sinatura da solicitude autorízase expresamente á publicación dos nomes e apelidos dos beneficiarios das actividades da AULA DE VERÁN 2023 (listas provisionais e definitivas de admitidos/as e excluídos/as).

Mais información: Oficinas municipais e/ou Concellería de Cultura. Teléfono 982 45 20 61.

O Saviñao, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde en funcións. Juan Carlos Armesto Quiroga.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.**

